



STORY \*


BOARD

GOLPES


DE

CALOR






la de Sol




Entrom enfadados



Extranada



Enfadados



Entra



Extranada



Acalorada

1-2




Siente orgullo



Mucha calor




Se desmalla




la recoge




Extranados @ nerviosos



Entra Icia



Icia da solucion




Dejan sola a Daniela

Algo presuporta

Daniela  
exibiendo

Buscando a  
señorita



Xogando

Daniel  
Estadístico  
o Icho

Xosé  
Shampoo



Non. No  
quita a  
respa N

Alter asustada





Levan a Ainhoa a doblar




Xosé chega






Levan a Ainhoa



2-3





9-5



GRR! IJJI!  
JAJA!





5-6

FIM!

*2 escena 1 (enfócase o sol)*

(Fai un día caloroso. Vése un pequeno grupo de tres persoas que van camiñando. Son Emma, Daniela S e Pablo. Daniela S. e Pablo se miran desafiantes.) *ENFÓCASE DE FRENTE*

Emma- Bo, xa está ben. ¡Xa está ben! Esta é a discusión máis tonta que escoitei... ¡NUNCA!

Pablo- Tonta ela. Pegoume, e tan só porque dixen que fai moito calor para estar en inverno.

Daniela S- Pegueite de broma.

Pablo- Non, o que te pasa é que nunca perdes a ocasión de pegarme.

Emma- Veña, xa está. Acabouse, parecedes tontos OS DOUS. *ENFÓCANSE DE PERFIL*

(Entra Daniela P.)

Daniela P- ¡Ola! Eh... ¿Qué vos pasa?

*ENFÓCASE DE PERFIL*

(Entra Ainhoa.)

Ainhoa- Ola, chicos. Non... ¿non fai moito calor?

Pablo- ¿Veees?

*ENF. DE FRENTE*

Ainhoa- Eh... chicos... eh... encóntrome mal xa dende fai un tempo, e...

(Entra Sergio en escea.)

*ENF. de 2º plano*

(Ainhoa cáese e Daniela P. a recolle, confundida. Sergio grita "Ainhoa!" e acto seguido Daniela P. déixaa no chan.)

Sergio- Que raro... que pasou?

(Emma ponse moi nerviosa.)

Emma- ¡Aaaaah! ¡Aaaaah!

*ENF. de 2º p.*

Sergio- Que?

(Entra Valeria.)

Daniela P- Oh, non, non... ¡A Ainhoa lle deu un golpe de calor!

Valeria- Vou chamar a alguén (van todos tras ela menos Daniela S.) *ENF. de 2º p.*

(Daniela S ponse moi nerviosa.)

Daniela S- Oh, meu deus ... Vale! Chamade a alguén, sí! Pero... me deixades aquí? con Ainhoa? Se non sei que facer! E... *Emf. a Dani de cerca.*

(Entran en escena Xosé, Noa, David, Alex e Altea, que estaban xogando a ó pilla. Noa párase e abre moito os ollos mirando a Ainhoa no chan.)

Noa (a Daniela)- Dime que isto é unha broma.

Daniela S.- Noa! A Ainhoa lle deu un golpe de calor!

*Emf. 2º p.*

Alex- Oh, non! Vale, tranquilizádevos. Nós sabemos que facer.

Xosé- Sí, sí que sabemos!

David (confundido)- Ah... Sí que... sabemos?

Ícía: Vale, eu a apoio no muro! David, ti quítalle algo de roupa, que vai afogar con tanta cousa!

David (escandalizado)- Noa, vai quitarlle algo de roupa a Ainhoa!

*ENF. 2º p.*

Xosé- Vale, eu chamo o 112, eles nos dirán que facer (vaise).

Noa (vai correndo cara a Ainhoa e lle quita a sudadera e lle arremanga a camisa e o pantalón)- Vale, xa sei que tiñamos que facer isto antes de nada, pero... Á sombra con ela! Imos!!! *ENF. de cerca ó chan (a Ainhoa e a sena)*

Altea (parece espertar dun shok)- Ok, imos!

*Emf. de cerca*

(Todos collen a Ainhoa e a levan á sombra.)

Noa- Mirade, xa ven Xosé!

*A cámara os sigue por detrás*

Xosé- A ambulancia está en camiño. Hai que mollala pola nuca, a cara e o pescozo.

Alex- Eu vou por auga.

*Emf. a Xosé e a Alex de cerca*

Noa- Vale. Altea e eu a mollaremos.

Altea- Sí.

*Emf. 2º p.*

(Chega Lucas.)

*Emf. a Lucas camiñando*

Lucas- Nenos... ¿qué pasa?

Noa (apresurada)- A Ainhoa lle deu un golpe de calor grave. Xa a estamos coidando e xa chamou Xosé a ambulancia.

Lucas- Vale, eu vos axudo (Agáchase). *Enf. 2º p.*

Noa (levantándose)- Alí ven Alex coa auga! *Enf. dende abaixo*

Alex- Tomade a auga. *2º p.*

(Altea colle a auga e coa axuda de Noa, Lucas e Valeria, móllana pola nuca, o pescozo e a cara.)

Altea- Ainhoa, agora che daremos de beber, pero para iso temos que levarte á clase... *2º plano dende cerca*

(Pouco a pouco, Ainhoa vai reanimándose. Pablo e compañía volven.)

Pablo- Perdoade, pero Xosé xa chamara á ambulancia, e polo camiño nos encontramos cuns amigos que nos saudaron, e nós lles tivemos que explicar todo para que nos deixaran marchar.

(Todos fruncen o ceño e o miran, enfadados.)

Pablo- Pero a ambulancia xa está aquí e vai a ver a Ainhoa. Imos, Levádea a clase. *Enf. 2º plano*

(Todos collemos a Ainhoa. E a levamos a clase.)

Un dos da ambulancia sae do cole un rato despois e falan con Lucas. Lucas asinte e sorrí. Dille algo a David, que estaba con el. David tamén sorrí. Diríxense cara os demais, que estaban sentados no chan, preocupados. *2º p. dende lonxe*

David- Ainhoa xa espertou. Xa lle deron de beber e un dos da ambulancia díxonos que...

Daniela P.- Vai! Podemos ir a vela xa?

Emma- Sí, por favor... sí, por favor...

David- Sí, pero... *2º p. de perfil*

(Non lle da tempo a rematar a frase. Todos diríxense en avalancha cara a clase e tiran a David e a Lucas, que levántanse moi mosqueados.)

Lucas- É increíble.

David- Xa levamos con eles nove anos e non nos respetan nunca... *2º p.*

Lucas- A ti sí.

David- Imos, á clase!

Lucas- Rapaces, esperadenoos!!!

Levántanse e corren cara a clase.

(E na clase...

As cámaras enfocan á porta, pechada. Óense risas, palabras atropeladas e comentarios graciosos. De pronto ábrese e entran David e Lucas, moi enfadados.) *Cada vez a cámara achégase máis ata que saen os nenos*

David- Xa vos vale!

Lucas- Iso! Sodes uns desagrade...

(Ainhoa lánzase cara eles rindo, e abrázaos. Pronto, os demais fan o mesmo.) *De fronte*

Ainhoa- Grazas, rapaces, moitas grazas a todos. Non sei que faría sen vós!

Todas as nenas (cun sorriso)- Ooooh...

Pablo- Xa dicía eu que facía calor... *De cerca*

Vése unha man que, facendo de personita, lle sube polo hombro. Ó chegar á cabeza, lle da unha labazada rápida. *De cerca*

Pablo- Danielaaa!!! *De cerca*

FIN